DATA	07/09/2010
N°	1602

1024 FVP/mcmm

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución da obra incluída no POS 2010, denominada "aglomerado de Peiro a Cruces", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

- 1. Con data 13 de agosto de 2010, mediante a resolución nº 1466, da concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, procedeuse á adxudicación provisional á empresa CANARGA, S.L., CIF B-15360902 e o día 17 de agosto de 2010 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.
- 2. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo do, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- 1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.
- 2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíra a garantía definitiva.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "Aglomerado de Peiro ás Cruces" á empresa CANARGA, S.L., CIF B-15360902, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 26.324,39€, máis IVE, e o prazo de execución en UNHA (1) semanas.

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

DATA	07/09/2010
Nº	1602

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear director das obras a D. Edmundo Varela Lema, xefe de servizo de Medio Ambiente e Servizos.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, Intervido e conforme,
A proposta de O interventor en funcións
O xefe de servizo de persoal e organización

Francisco X. Varela Piñeiro

Francisco X. Varela Piñeiro

Conforme coa proposta, elévase a resolución Dou fe,
Culleredo, A secretaria xeral accidental

O Alcalde

Mª de las Nieves Fuentes Bermejo

Julio Sacristán de Diego (Resolución 31/08/2010)